

REGANOSA, ACTIVIDADE SOSTIBLE

A actividade de Reganosa só pode ser entendida e perdurar no tempo como unha actividade sostible. A través de seu día a día, a compañía axuda a construír o futuro da nosa sociedade e asume a responsabilidade de garantir que todas as actuacións se realizan de maneira segura e respectuosa coa contorna. Reganosa considérase unha panca para conseguir unha economía competitiva, na que a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro é unha necesidade.

Reganosa entende a seguridade, a saúde laboral, o medio ambiente e a calidade como requisitos prioritarios no desenvolvemento de todas as súas actividades. Por iso implantou un sistema integrado de xestión baseado nas normas ISO 9.001, ISO 14.001 e OHSAS 18.001. As directrices desa política integrada pódense resumir nos seguintes puntos:

1. Compromiso de mellora continua dos procesos internos. A compañía mantén un control permanente do sistema integrado de xestión mediante auditorías e revisións periódicas.
2. Orientación ao cliente e ás súas necesidades.
3. Formación continua do persoal con especial atención ás necesidades vinculadas á seguridade das persoas e instalacións.
4. Reganosa concibe as actuacións en materia de seguridade, saúde laboral, medio ambiente e calidade como unha responsabilidade de todos e cada un dos traballadores.
5. A compañía está comprometida coa prevención e minimización do impacto sobre a contorna e o cambio climático, respectando a biodiversidade e fomentando o uso eficiente dos recursos naturais.
6. Existen canles, tanto internas como externas, que permiten dar resposta ás demandas de información sobre seguridade e saúde laboral, medio ambiente e calidade.

A Dirección da compañía mantén o compromiso de facilitar os medios adecuados a cada nivel organizativo para que a súa política integrada sexa recibida, comprendida, implantada e respectada por todos os membros da empresa.

Declaración medioambiental e informe de sustentabilidade

Reganosa somete anualmente a súa xestión ambiental a un proceso de auditoría, segundo o estándar EMAS, e elabora unha declaración ambiental cada exercicio para dar a coñecer o seu desempeño neste ámbito e informar sobre os obxectivos alcanzados e as novas metas que se establecen.

Como un paso máis no afán de transmitir a todos os grupos de interese de Reganosa a realidade e o desempeño en materia social, ambiental e económica, a compañía desenvolveu para o exercicio de 2014 a súa primeira memoria de sustentabilidade, que foi

auditada para asegurar que compre coas directrices da última versión da guía G4 de Global Reporting Initiative (GRI).

Ademais, a compañía tamén se dotou do seu Código Ético e de Conduta, aprobado polo Consello de Administración en marzo de 2014. O documento recolle os valores que rexen o proceder da empresa.

Para completar este programa, empregados e persoas concernidas teñen á súa disposición unha canle de comunicación ao que dirixir todas as consultas ou notificacións relativas á interpretación e cumprimento do Código Ético e de Conduta.

Museo romano de Caldoval

En outubro de 2014 comezou o proxecto para a posta en valor dos restos arqueolóxicos de Caldoval, coa construción dun museo onde expolos. Trátase dunha iniciativa conxunta da Xunta de Galicia, o Concello de Mugaros e Reganosa, co obxectivo de pór á disposición do público unha parte relevante do patrimonio histórico da zona.

O xacemento romano de Caldoval conta con dous conxuntos diferenciados: por unha banda, distínguese unha canle escavada en rocha e unha serie de estancias orientadas á costa, cuxo uso podería estar vinculado a tarefas relacionadas co comercio; por outra, un balneario rural doméstico que conta cunha palestra para a práctica do deporte. Este conxunto estivo en uso entre os séculos I e V despois de Cristo.

Os traballos de posta en valor dos restos de Caldoval comprenden a execución simultánea dun centro de interpretación que albergará os restos, a musealización do material arqueolóxico e a urbanización da contorna.

Trátase dun edificio, deseñado polo arquitecto Alfonso Penela, no que as ruínas son o actor principal, achegándose á idea dun mausoleo máis que a unha sala de exposicións ao uso. Así, a construción sobria, digna e austera resólvese cunha soa decisión: un muro que, en forma de espiral, o integra todo. A espiral vaise enterrando para devolver as ruínas á terra e desta maneira situarse na cota primixenia, ausente de interferencias exteriores. En superficie, o acceso ao museo e uns lucernarios emerxen do edificio e inducen a baixar a través dunha rampla moi suave ata os restos. Unha pasarela permite observar as ruínas desde unha posición elevada.

Para valorar os restos na súa verdadeira transcendencia, o museo completa a súa presentación con diversas actuacións encamiñadas á comprensión do conxunto histórico. Entre outras, a recreación de certas estancias e proxeccións estereoscópicas que lle permiten ao visitante transportarse ao antigo mundo romano.

Mecenado deportivo

Reganosa é unha organización orientada ás persoas. Colaboramos con distintas entidades para desenvolver proxectos no ámbito da educación, a cultura e o deporte, nos que participan máis de 6.000 persoas da comarca de Ferrol.

A compañía é o patrocinador principal do Rácing de Ferrol, fundado en 1919, en cuxo palmarés figura ter sido subcampión da Copa de España. Actualmente milita na 2ª División

B, aínda que acumula máis de trinta tempadas na 2ª División. O Rácing de Ferrol realiza un destacado traballo na promoción do deporte entre a mocidade e participa de moitos dos valores da cultura de empresa de Reganosa.

Tamén colabora Reganosa co Club do Mar de Mugardos, a organización de remo con máis historia, máis títulos e máis arraigamento social da ría de Ferrol. Fomenta o deporte do remo e a paixón polo mar en todas as categorías de idade, desde alevíns a sénior, e faino con distintos tipos de embarcacións, tanto de banco móbil como fixo e outras actividades deportivas.

Os remeiros do Club do Mar de Mugardos teñen acadado éxitos moi importantes. A súa principal tripulación actual é a sénior de trañas, que compite na Liga Galega. Ten dous campionatos de España de bateis na súa máxima categoría e nove de Galicia, entre outros trofeos.

Igualmente recibe apoio o Galicia de Mugardos, o clube de fútbol da poboación mugardesa. Fundado en 1952, milita na Terceira División tras conseguir por primeira vez o ascenso ao final da tempada 2014/15.

Aínda que é moi relevante porque se trata do clube que emociona aos mugardeses amantes do fútbol, o Galicia de Mugardos destaca polo seu labor como impulsor da práctica do deporte afeccionado. Ten equipos en todas as categorías de idades, xa que a infancia e a mocidade constitúen o seu público preferente; tamén fomenta a participación feminina por medio dun conxunto de fútbol 8.